

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA. POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO ESTUDO E DA INVESTIGACIÓN DAS CIENCIAS MÉDICAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia formalizaron o 06/06/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto instrumentar a subvención prevista nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a favor da RAMCG, co fin de financiar as actuacións que esta realice para contribuír ao estudo e á investigación das ciencias médicas, a través de accións e actividades científicas que ten recoñecidas nos seus estatutos e que leva a cabo en beneficio do interese xeral.

Dentro das accións previstas, acordes cos fins da propia institución, encádranse as seguintes:

Contribuír ao progreso e á difusión do coñecemento das ciencias médicas entre os profesionais sanitarios, así como contribuír á educación sanitaria da poboación en xeral.

Con tal fin, desenvolverá as accións e actividades científicas que compoñen a súa programación anual e, en concreto, as seguintes:

- Sesións científicas, ordinarias e extraordinarias, nas cales participarán hospitais, universidades e outras reais academias, así como outras institucións. Dentro deste apartado inclúese a divulgación das actividades a través da páxina web, a retransmisión en directo de sesións de especial relevancia social, a realización de congresos e simposios, de carácter nacional ou internacional, así como a convocatoria de premios de investigación.
- Publicacións que contribúan ao incremento e á catalogación do patrimonio arquivístico-bibliográfico no eido sanitario, ademais das preceptivas "Memorias Anuais", e da edición dos "Discursos de Ingreso" dos seus membros.
- Exposicións.
- Outras actividades, como mesas redondas, sesións de intercambio con outras institucións colexiais e reais academias, ciclos e conferencias divulgativas, actividades en centros escolares ou de formación en materias relacionadas coa saúde e a prevención, etc.
- Facilitar o uso das súas instalacións ao persoal da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, cando estes o requiran para realizar actos de divulgación de interese sanitario.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Consonte aos seus estatutos, a Real Academia e Medicina e Cirurxía de Galicia é unha corporación de dereito público que ten por finalidade principal a investigación no campo das ciencias médicas e afíns en beneficio do interese xeral, e inscrita no Rexistro Xeral de Academias de Galicia, tal como se establece no Decreto 392/2003, de 23 de outubro que regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten como funcións principais: contribuír ao estudo e investigación das ciencias médicas e das ciencias afíns, promover o estudo das patoloxías na súa referencia médico-xeográfica galega, asesorar ás autoridades autonómicas en cuestións sanitarias, emitir os informes sobre medicina forense e saúde laboral que sexan solicitados polas autoridades, informar a cantos investigadores o requiran sobre cuestións sanitarias, científicas e bibliográficas, e conservar, actualizar e incrementar o seu patrimonio bibliográfico para favorecer a investigación e as relacións institucionais.

Consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no xa citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que no seu artigo 7 establece que as Academias de Galicia, ademáis das funcións previstas nos seus estatutos, terán a consideración de órganos asesores da Xunta de Galicia, nos termos previstos nos seus estatutos e na normativa vixente en cada materia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

